



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E PUBLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS Á ENTIDADES PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2023

EXPEDIENTE: 2023/A002/000001

FEITOS

1. Logo de ver a providencia de data 06/09/2023, tramitado no expediente electrónico nº 2023/A002/000001, para a concesión de subvencións para entidades deportivas sen ánimo de lucro no ano 2023.
2. Logo de ver o informe de Intervención emitido en data 8/09/2023, no expediente electrónico nº 2023/A002/000001, relativo a existencia de crédito na convocatoria para a CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2023.
3. Logo de ver o informe de Intervención emitido en data 11/09/2023, no expediente electrónico nº 2023/A002/000001, relativo á fiscalización das bases para a CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2023.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. Visto o disposto no Anexo I de BEO, no que se regulan as subvencións e transferencias concedidas polo Concello, así como o disposto na BEO 28ª.
2. A Alcaldía é competente para resolver, segundo dispón o artigo 21.1 f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 03/04/1985), por todo o exposto

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes: "*BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2023*"

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fomentar as actividades deportivas e deportivo-recreativas que promovan asociacións e clubs deportivos legalmente constituídos ao abeiro das competencias reguladas na Lei 7/1985, de bases de réxime local e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia. Financiaranse as actuacións realizadas no período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro do 2023 e o 31 de decembro de 2023.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións que cumpran con todos e cada un dos requisitos seguintes:

- a) Asociacións sen ánimo de lucro.*
- b) Asociacións de ámbito local con personalidade xurídica propia.*
- c) Asociacións que desenvolvan as súas actividades no termo municipal.*
- d) Asociacións que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Malpica de Bergantiños.*
- e) Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Malpica de Bergantiños antes de publicar as presentes bases. (Queda excluída calquera federación deportiva)*

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

As subvencións que se concedan conforme ás presentes bases terán por obxecto:

3.1. Colaboración nos gastos correntes derivados da realización das actividades de promoción deportiva ou participación en campionatos deportivos federados polos suxeitos mencionados no artigo 2 das presentes bases.

3.2. Gastos xerais de funcionamento, conservación, mantemento ou reparacións menores da entidade, que non teñan o carácter de investimento.

3.3. A entidade que recibise unha axuda do Concello de Malpica fará constar en lugar visible e destacado da publicidade da actividade a colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños coa lenda: “subvencionado polo Concello de Malpica de Bergantiños” acompañada do seu escudo. O tamaño do escudo e lenda deberá ser, cando menos, de igual tamaño que os restantes que aparezan no mesmo soporte gráfico.

3.4. A publicidade e materiais gráficos elaborados con motivo das actividades que reciban axudas do Concello de Malpica de Bergantiños utilizarán o idioma galego.

3.5. Non serán subvencionables os gastos en bebidas alcólicas, carburantes, alimentación, nin viaxes ou excursións, neste último caso salvo que se xustifique suficientemente o seu carácter exclusivamente deportivo.

4.- CONTÍA, LÍMITE E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS.

A contía das subvencións outorgadas polo Concello de Malpica non poderá ser superior ó oitenta por cento do presuposto de gastos. A contía das subvencións reguladas nas presentes bases non poderá ser tal que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

5.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes deberán formularse a través do Rexistro Telemático (<http://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>), no prazo de 20 días naturais que comezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que figuran como ANEXO destas bases. Achegándose a seguinte documentación:

1º Memoria explicativa das actividades a realizar ou realizadas durante a tempada 2023.

2º Orzamento detallado da entidade, onde se relatarán todos os gastos e os ingresos, incluíndo as cotas de socios.

3º Documento que acredite o número de socios da entidade no momento da presentación da solicitude e o número de licenzas federativas e as categorías nas que se desenvolven as actividades deportivas.

4º Documento que acredite o acordo da solicitude e o nomeamento do representante.

5º Certificado de titularidade da conta bancaria na que realizarán os pagamentos.

6º Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

7º Declaración responsable de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como autorización ó concello para a verificación de atoparse ó día coa facenda municipal.

8º Certificado en vigor acreditativo de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social, a Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia ou autorización ó Concello de Malpica de Bergantiños para consultar que se atopan ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

Ademais isto debe comprobarse tanto cando se outorga a subvención como cando se vai aprobar a xustificación.

9º Fotocopia dos estatutos da entidade.

10º Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

11º Documento que acredite a composición da Xunta Directiva da entidade.

12º Fotocopia do DNI do representante da entidade

13º Fotocopia do recibo da póliza de Responsabilidade Civil en vigor da entidade.

Non será necesaria achegar a documentación dos puntos 9º, 10º e 11º anteriores, cando xa conste nas dependencias do Concello ao estar inscritas as entidades no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando se presente declaración xurada de que non se teñen modificado os datos e circunstancias incluídas na dita documentación e que non ten transcorrido máis de 5 anos dende a súa presentación.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

6.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

Cada entidade participante poderá obter ata un máximo de 100 puntos, que serán repartidos pola comisión Avaliadora como segue:

1 – Representatividade ou interés social da entidade peticionaria no Concello, podendo obter un máximo de 10 puntos basándonos en criterios como:

- Historial deportivo do clube ou entidade.*
- Categoría (1º equipo e superior de calquera dos equipos de base).*
- Modalidade na que participa (criterio que tomará como referencia o número de licencias federadas de cada modalidade deportiva, segundo a última publicación do Consello Superior de Deportes).*
- Cantidade de público, socios, ...*

2 – Número de licencias federativas, sendo acompañado dunha certificación federativa que o acredite e podendo obter un máximo de 15 puntos. Puntuaráse segundo a seguinte relación:

- Ente 10 e 40 licenzas 3 puntos*
- Ente 41 e 60 licenzas 6 puntos*
- Ente 61 e 80 licenzas 9 puntos*
- Ente 81 e 100 licenzas 12 puntos*
- 101 ou máis licenzas 15 puntos*

3 – Número de categorías nas que participa a entidade en competicións federadas. (Máximo 10 puntos). Puntuaráse un punto por cada categoría e poderán sumar 2 puntos máis se dispoñen de todas as categorías de base (considerando desde prebenxamín a xuvenís)

4 – Actividades propostas. (10 puntos máximo) A hora de outorgar a puntuación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Número de actividades propostas (sen contar a competición oficial).*
- Carácter periódico ou permanente.*
- Grao de interés xeral ou sectorial das actividades (nivel da actividade, inclusiva, relación ca política deportiva que se leva a cabo dende o concello).*

5 – Presuposto anual de gastos detallado. (10 puntos máximo)

Valorarase cun máximo de 5 puntos a porcentaxe de axuda municipal solicitada en relación á contía total do orzamento, podendo ter en conta a porcentaxe de gastos fixos (desprazamentos, licencias,...).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

- Menor ou igual ó 30% : 5 puntos
- Maior do 30% e menor ou igual ó 40%: 4 puntos
- Maior do 50% e menor ou igual ó 50%: 3 puntos
- Maior do 50% e menor ou igual ó 60%: 2 puntos
- Maior do 60% e menor do 70%: 1 puntos

Valorarase cun máximo de 5 puntos os gastos derivados do aluguer de instalacións municipais para a realización dos adestramentos da entidade.

6 - Relación co concello e colaboración en eventos municipais. (Máximo de 15 puntos). Valoraranse os seguintes aspectos:

- Nº de actividades organizadas polo concello nas que colaboran anualmente.
- Coordinación cos programas municipais.

7 - Méritos deportivos acadados na tempada, que serán xustificados ca pertinente certificación federativa. (Máximo 15 puntos)

- Posto acadado na súa competición.
- Ascensos, campionatos, ...
- Xogadores da entidade aportados ás diferentes seleccións (española, galega,...).

8 - Estructura da entidade (Máximo 15 puntos) teránse en conta indicadores de crecemento como:

- Contar con varias modalidades deportivas.
- Promoción deporte base, teránse en conta especialmente as titulacións das persoas vencelladas os equipos destas categorías (desde prebenxamín ata cadete ambas incluídas).
- Dispón de categorías femininas.
- Proxecto futuro.

7.- IMPORTE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O importe global para as presentes subvencións será de 20.000 € con cargo á partida 341.480 dos orzamentos do Concello de Malpica de Bergantiños para o ano 2023.

8.- INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

O órgano competente para instruír o procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución será a o Técnico de deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

formulará a proposta de resolución provisional, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada de subvención que se propón para cada solicitante, conforme aos criterios de para a concesión da subvención establecidos no artigo 6 das presentes bases.

Se na instrución do expediente fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos interesados, notificaráselle a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de 10 días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentárense alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario segundo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

9.- COMISIÓN AVALIADORA.

A Comisión Avaliadora, será designada polo alcalde e estará composta por un presidente que será o alcalde da corporación, un secretario que será un funcionario da corporación actuando sin voz ni voto e tres vocais eleixidos polo alcalde de entre os membros do grupo de goberno, emitirá informe no que se concretará individualizadamente para cada beneficiario o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das subvencións será o Alcalde. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente os fundamentos da resolución que se adopte. As subvencións concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

11.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As entidades subvencionadas terán que:

- 1.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se conceda a subvención, coa presentación da memoria e dadocumentación xustificativa dos gastos realizados (facturas orixinais) así como a súa certificación correspondente.*
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.*
- 3.- Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.*
- 4.- Sinalar en todo tipo de publicidade que estas actividades contan co financiamento do Concello coa expresión “subvencionado polo Concello de Malpica de Bergantiños” acompañado do escudo oficial do Concello, a efectos do cal deberán engadir xunto coa documentación xustificativa fotocopia que testemuñe o cartel ou medio/s mediante os cales se ten feito dita publicidade e o lugar dos mesmos.*
- 5.- Participar nas actividades organizadas desde o Concello cando lles sexa solicitada a súa colaboración.*



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

6.- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan e a devolución íntegra da cantidade outorgada en caso de non cumprir con estas bases.

12.- ACEPTACIÓN POLOS BENEFICIARIOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se no prazo de 10 días dende a notificación da concesión non manifestase expresamente o seu rexeitamento.

13.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

Para o cobro da totalidade das subvencións deberán achegar ó Concello cando se lle soliciten a totalidade da documentación requirida para este fin. En todo caso, os gastos subvencionados deberán ter sido realizados durante o ano 2023. Admitiranse únicamente xustificantes correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023. A xustificación deberá realizarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, así como as memorias de prensa, os materiais gráficos editados e canta documentación contribúa a clarexar a realización e alcance do investimento e, no seu caso, a acreditación de teren realizado os materiais de difusión da entidade e das actividades obxecto de axuda en galego.

b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, polo contrario unha declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

c) Acreditación da realización de gastos, do xeito seguinte:

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante facturas orixinais (cos requisitos esixidos no RD 1496/2003).

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento ou os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

En ambos, os dous casos, deberá acreditarse o pago das facturas ou nóminas que se presenten a efectos da xustificación da axuda. Para os gastos iguais ou superiores a 1.000 euros deberá acreditarse o pago, a través dalgún soporte bancario: transferencia, cheque ou tarxeta de creto ou débito. Nos demais casos deberá constar na factura que esta foi pagada co selo e/ou sinatura do emisor.

O gasto, xustificado mediante a documentación sinalada, deberá acadar, polo menos, o importe da axuda concedida, tal como vén este definido no parágrafo 1 das consideracións xerais de xustificación ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que existan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para o non previsto nesta convocatoria estarase ó disposto nas Bases de execución do presuposto do Concello de Malpica de Bergantiños e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei de Subvencións de Galicia



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

En Malpica de Bergantiños, a 11 de setembro de 2023

ANEXO

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2023

SOLICITANTE: (Os datos cubertos deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos titulares da conta bancaria)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Datos da entidade:

Denominación: _____ CIF: _____

Enderezo: _____ C.P. _____ Localidade : _____

Tlfn: _____ Fax: _____ e-mail : _____

Nº de rexistro na Xunta de Galicia: _____

Datos do representante:

Nome e Apelidos: _____ NIF: _____

Tlfn: _____ Relación coa entidade: _____

e-mail : _____

OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

FINALIDADE DA ACTIVIDADE	PRESUPOSTO DE GASTOS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

1.- MEMORIA EXPLICATIVA

Proxecto da actividade, interese e obxectivo que se persegue:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Número de actividades propostas:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

Calendario das actividades que se realizarán:

2.- ORZAMENTO DETALLADO

GASTOS	
CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE
PROPIOS	
SOLICITADOS A ESTE CONCELLO	
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	
XUNTA DE GALICIA	
OUTROS	
TOTAL INGRESOS	

3.- DOCUMENTO QUE ACREDITA O NÚMERO DE SOCIOS, LICENCIAS E CATEGORIAS

D/DONA _____ con DNI _____,
como Secretari@ da entidade _____.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

CERTIFICA: que a día de hoxe a entidade _____
ten _____ socios e _____ licencias federativas, que desenvolven as
súas actividades nas seguintes categorías:

	BENXAMIN
	ALEVIN
	INFANTIL
	CADETE
	JUVENIL
	SENIOR
	VETERANOS
	OUTRAS ...

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente certificación.

En _____ a ____ de _____ do 2023.

Vº e Prace
@ PRESIDENTE

Asdo:
@ SECRETARIO

4- DOCUMENTO ACREDITATIVO DO ACORDO DA SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE E AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS.

D/DONA _____ con DNI _____,
como Secretari@ da entidade _____.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

CERTIFICA: Que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

Así mesmo, acordouse nomear a D/DONA _____
con DNI _____, representante para as relacións desta entidade co Concello de Malpica de Bergantiños.

☐ Autorizo ó Concello de Malpica de Bergantiños para consultar que esta entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente certificación.

En _____ a ____ de _____ do 2023

Vº e Prace
@ PRESIDENTE

Asdo:
@ SECRETARIO

5.- DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS.

1. *Datos do acredor* (deberanse achegar fotocopia do NIF ou CIF, salvo que xa a presentase con anterioridade)

NIF	Nome ou denominación social
Domicilio Fiscal	Municipio



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Provincia	Código Postal	Teléfono
-----------	---------------	----------

II. Datos do representante

NIF	Nome ou denominación social
-----	-----------------------------

III. Alta de datos bancarios

IBAN:	
A CUMPRIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO	
Certifico, a petición da persoa reflectida en “I. Datos do Acredor” e para os efectos de domiciliación dos importes que a mesma lle vaia ordenar a Tesourería do Concello de Malpica de Bergantiños, a existencia da conta referenciada en “III. Alta de datos bancarios” a nome do titular que se reflecte no citado apartado “I. Datos do acredor”.	
(Selo da entidade de crédito)	POLA ENTIDADE DE CRÉDITO
Asdo.: _____	

IV. Baixa de datos bancarios

IBAN:
(sinatura do acredor ou representante)

6.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DA OBTENCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS, AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

D/DONA _____ con DNI _____,
como Secretari@ da entidade _____.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

DECLARA: Que para o exercicio 2023 ten solicitada unha subvención ó Concello de Malpica, por importe de _____€ co seguinte obxecto:

2.- Que, para a mesma finalidade, obtivéronse, ademais as seguintes subvencións, polos importes que se indican:

Entidade concedente	Importe (euros)
TOTAL SUBVENCIONES RECIBIDAS	€

☐ NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente declaración.

En _____ a ____ de _____ do 2023

Vº e Prace
@ PRESIDENTE

Asdo:
@ SECRETARIO

7.- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E PARA A PERCEPCIÓN DA PRESENTE ACHEGA E OUTRAS ASÍ COMO A AUTORIZACIÓN Ó CONCELLO PARA A VERIFICACIÓN DE ATOPARSE Ó DÍA COA FACENDA MUNICIPAL.

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

D/Dña. _____ co DNI _____
como representante da entidade _____



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

DECLARA:

- o *Que coñece e acepta as bases da presente convocatoria*
- o *Que son certos cantos datos figuran na Solicitud de participación.*
- o *Que non está incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 e 13.3 LXS)*
- o *Que está ao corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade social (art. 14.1. LXS) e coa Facenda Municipal do Concello de Malpica de Bergantiños, para o cal se compromete*
- o *Que autorizo que se soliciten datos á facenda municipal, e de non ter débedas co Concello.*
- o *Que se compromete a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións.*
- o *Que non houbo variacións nos datos aportados no rexistro de asociacións do Concello de Malpica.*

Asdo:”

SEGUNDO: Convocar o procedemento de solicitude de subvencións citado nestas bases mediante a publicación do anuncio e correspondentes bases no BOP.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).